



FESTIVAL
MUNDIAL DE
ILUSIONISMO

GALICIA VOLVERÁ A SER A GRAN CAPITAL MUNDIAL DO ILUSIONISMO

Organizan e producen
PEDRO BUGARÍN e DANI POLO



Durante os meses de setembro e outubro de 2023,
Galicia volverá a converterse no epicentro mundial do ilusionismo.
Despois do éxito acadado na primeira edición,
chegando a máis de 50.000 espectadores
polas 4 provincias galegas, e esgotando
todas as entradas para as diferentes galas,
o Festival Mundial de Ilusionismo “Galicia Ilusiona” regresa
para ilusionar novamente a todos os galegos e galegas.

GRANDES GALAS INTERNACIONAIS

MAXIA SOLIDARIA

MAXIA ITINERANTE

MÁIS DE 100 ACTUACIÓNS

**OS MELLORES ILUSIONISTAS DO PLANETA,
DE NOVO EN GALICIA**

Organizan e producen
PEDRO BUGARÍN e DANI POLO



galiciailusiona.es

MAXIA SOLIDARIA

Debido á situación de moitos rapaces e rapazas nas plantas de pediatría dos diferentes hospitais galegos, temos o compromiso de volver a incluílos e facelos partícipes deste festival.

Xa que polas súas circunstancias non poden acudir ao teatro, serán os propios magos os que se acheguen ás plantas de pediatría, onde representarán os seus mellores xogos de maxia sacando o sorriso dos asistentes.

Todos os cativos e cativas levarán un agasallo máxico do Festival.

LUGO

Unidade de Pediatría do HULA

A CORUÑA

Unidade de Pediatría do CHUAC

FERROL

Unidade de Pediatría do CHUF

PONTEVEDRA

Unidade de Pediatría MONTECELO

VIGO

Unidade de Pediatría do Álvaro Cunqueiro

SANTIAGO

Unidade de Pediatría do CHUS

OURENSE

Unidade de Pediatría do CHUO



MAXIA ITINERANTE

Unha das grandes novidades para 2023 son as actuacións dentro dunha caravana convertida nun espectacular e sorprendente Teatro Máxico Itinerante. Estas actuacións levaranse a cabo nas 7 cidades galegas durante o mes de setembro.

Durante unha xornada completa, a caravana máxica instalarase nunha ubicación emblemática e coñecida da cidade.

Ao longo do día, realizaranse 10 actuacións de maxia no seu interior, representacións curtas, de 20 minutos e para un máximo de 20 persoas por pase.

A bordo:



MAGO RAFA:

Un clásico da maxia en Galicia. Maxia cun toque persoal para abraiar a todos os públicos.



LORE LAVAND:

Unha gran maga argentina. Mestura diferentes artes para crear un momentos máxicos únicos.



Organizan e producen
PEDRO BUGARÍN e DANI POLO

 XUNTA
DE GALICIA

 Xacobeo

MAXIA ITINERANTE

08/09 - LUGO. Praza Maior

09/09 - OURENSE. CC Pontevella

10/09 - PONTEVEDRA. Praza da Ferrería

23/09 - VIGO. Terraza exterior Vialia

24/09 - SANTIAGO. Parque da Alameda

30/09 - A CORUÑA. Dársena de la Marina

01/10 - FERROL. Praza de Armas

GRAN GALA INTERNACIONAL

A Gran Gala Internacional é sen dúbida o prato forte do Festival “Galicia Ilusiona”.
Unha selección dos mellores ilusionistas do planeta reunidos nun espectáculo único.
Nos mellores teatros e auditorios das 7 cidades galegas.

Despois do éxito acadado na primeira edición, **novos magos e magas** chegados dende diferentes partes do mundo veñen dispostos a facernos creer no imposible.
Un gran espectáculo con números premiados internacionalmente e que percorren cada ano os mellores teatros do planeta.

6 de outubro. LUGO (Auditorio Municipal Gustavo Freire).

8 de outubro. FERROL (Teatro Jofre).

14 de outubro. PONTEVEDRA (Auditorio Sede AFundación).

15 de outubro. OURENSE (Auditorio Municipal de Ourense).

20 de outubro. A CORUÑA (Palexco).

21 de outubro. SANTIAGO (Auditorio de Galicia).

22 de outubro. VIGO (Auditorio Mar de Vigo).

As entradas terán un custo a partir de 12 euros.

ENTRADAS XA Á VENDA EN
www.galiciailusiona.es

GRAN GALA INTERNACIONAL



Dania Díaz (Venezuela): Dania Diaz é unha maga venezolana que triunfa polo mundo adiante coa súa maxia tan peculiar, ao mesturar ilusións coa narración de historias. Foi botón dourado no programa de televisión “Got Talent” e participou no prestigioso “Got Talent: The Champions” en Estados Unidos.



Miguel Muñoz (España): Miguel Muñoz é campión mundial de maxia, o máximo galardón que pode obter un ilusionista, e como non, tiña que estar na Gran Gala Internacional “Galicia Ilusiona”. Ademais, é un dos personaxes principais da película “Dumbo” de Tim Burton. A súa maxia é pura poesía visual, unha marabilla!



Paul Ponce (Arxentina): Paul Ponce é considerado un dos mellores malabaristas do mundo enteiro, a destreza e velocidade das súas mans son pura maxia. Un número realmente espectacular dun artista enerxético e carismático, cun ritmo realmente asombroso. Un luxo poder desfrutar da súa arte en Galicia Ilusiona.



Dúo Kybalion (Arxentina e Rusia): O Dúo Kybalion está formado por Inna Rudova (Rusia) e Guillermo Neumayer (Arxentina). Son expertos en cambios ultrarrápidos de vestuario e levaron o seu acto a máis de 30 países de todo o mundo, abraíando a audiencias e conseguindo grandes ovacións.



Gerald Le Guilloux (Francia): Gerald Le Guilloux é un mago clásico, cunha elegancia e unha posta en escena máis que coidada. Gañou premios a nivel internacional cun número sorprendente de principio a fin, unha mestura da maxia máis tradicional con efectos innovadores e modernos.



Amadeo Edama (España): Edama é especialista en maxia de gran formato, grandes ilusións visuais onde todo é posible. Recibiu multitude de premios e presentou os seus números nos mellores teatros. Chega a Galicia Ilusiona para deixarnos coa boca ben aberta!



GALICIA ILUSION





FESTIVAL
MUNDIAL DE
ILUSIONISMO

www.galiciailusiona.es

Organizan e producen
PEDRO BUGARÍN e DANI POLO



galiciailusiona.es